

## **ANPA IES RÍO CABE**

Estimados pais, nais e titores:

Trala paréntese motivada pola Covid, a ANPA IES Río Cabe retoma de novo a súa actividade.

Hai unhas semanas cesou a actual Xunta Directiva, por remataren os seus fillos os cursos no Centro. Nunha Asemblea extraordinaria formouse a nova ANPA.

A ANPA é unha asociación que pode axudar moito aos nosos fillos/as e ao Instituto. Ao mesmo tempo é o vínculo de unión entre os pais/nais e a Dirección do Centro. É, ademáis, un elemento máis de comunicación e contacto cos poderes públicos que xestionan a educación.

A misión da ANPA segundo os seus estatutos é:

- . Axudar aos pais, nais e titores legais dos alumnos/as en todo o referente á educación dos seus fillos/fillas.
- . Axudar aos pais e nais no seu dereito a participaren na xestión do Centro.
- . Colaborar nas Actividades Extraescolares do Centro.
- . Fomentar relacións de cooperación do Centro con outros centros e con outros Sectores Sociais e Culturais do contorno.
- . Requerir dos Poderes Públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plan de actuación relativos á educación, recabando a atención que esta merece.
- . Promover a plena realización do principio de gratuidade na educación, así como que se respecten os dereitos de igualdade en todos os alumnos.

Todo pai, nai ou titor legal pode participar da asociación sempre e cando estea en plena capacidade de obrar. Todos podemos participar en todas as actividades da ANPA e asistir ás reunión con dereito a voz e voto.

Todos podemos participar no control das contas e esixir estar informados da xestión que se realiza. Á súa vez, tendes todo o dereito a elevar suxestións, ideas e o que se vos ocorra, á Dirección da ANPA.

**Pedímosvos que perticipedes da ANPA como socios ou formando parte da Dirección.**

Formar parte da ANPA implica o pago dunha cota de **10 euros** que se revertirá plenamente en actividades do Centro que favorezan ao mesmo e aos alumnos/as.

Podedes efectuar o pago da cota de diferentes formas:

**Transferencia Bancaria á conta da ANPA:**

(Indicar Nome alumno/a – Curso na transferencia, por favor)

Caica Rural Galega IBAN ES95 3070 0034 8761 5161 5728

**Pago en man á Dirección da ANPA:**

Membros da ANPA estarán na entrada do Instituto o martes 23, mércores 24, xoves 25 e venres 26 de novembro de 8.30 a 9.30 horas. O pago poderano realizar os pais ou os mesmos alumnos/as.

Enviarémosvos tamén polos alumnos/as unha solicitude de rexistro.

Dende a nova directiva querémosvos informar de acción que queremos comezar a realizar:

. Escrito á Dirección do Centro e a Educación da Xunta de Galicia reclamando máis **profesores de apoio**. O ano pasado o centro tiña tres profesores de apoio a alumnos/as. Este ano reduciuse a un so. Cremos que este tema é básico e vital para que todos os alumnos/as que o precisen poidan desenvolver mellor o seu día a día.

. Contar co Concello de Monforte para ver posibles subvencións para o Centro.

. Contactar con distintos departamentos do Centro co gallo de que nos indiquen como podemos axudalos. Chegounos, por exemplo, por un pai, a queixa porque non teñen rede de vólei. A ANPA ten fondos para sufragar a compra. Habería, pois, que valorar nese caso, a posible colaboración co Departamento de Educación Física.

. Promover actividades cun “pequeno premio” para os alumnos/as gañadores. Dende a ANPA propónse un concurso de postais de Nadal.

Calquera idea ou suxestión e por suposto implicación será aceptada e benvida.

Deixámosvos os datos de contacto da ANPA para todo o que poidades precisar:

Presidenta: Diana Nogueira Janeiro

Tesoureira: Monserrat González Currás

Secretario: Ramón López Fouces

Vogal: Yolanda Vázquez López

Vogal: Javier Morillo Castro

Teléfono de contacto: Diana Nogueira 655587769

Email de contacto: anpariocabe@gmail.com